

Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se asignen as funcións da xefatura de departamento mentres dure a licencia por maternidade, a un membro do mesmo que cumpra cos requisitos establecidos no Decreto 524/1996, e se lle abone o complemento que corresponda polo exercicio desta xefatura, ou de non ser posible, que se abone o dito complemento ao funcionario interino que está a exercer ditas funcións

Expediente: A.4.Q/ 9568/22

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Sr. Conselleiro:

Ante esta institución compareceu solicitando a nosa intervención don XXX, traballador desa Consellería.

Ao interesado nomeóuselle como docente de Economía, no Instituto de Educación Secundaria de XXX con data do 9 de setembro do 2022, en substitución dunha compañeira que esta a desfrutar unha licencia de maternidade, polo que a súa substitución previsiblemente vai a ter unha duración mínima de seis meses.

Indica o interesado que a docente substituída, ten o cargo de xefa de Departamento, e por tanto unhas responsabilidades pedagóxicas e organizativas no IES que debería desempeñar calquera outro compañeiro do Departamento que podería asumir esa responsabilidade, e que considera que debería desempeñalo, pero na realidade ten que asumilo o substituto. Afirmo que é unha práctica habitual que a Administración non nomee substituto como Xefe de Departamento, ocupando a praza parcialmente, dende o punto de vista das responsabilidades. Considera que para os substitutos sería un aliciente, pois conta cunha puntuación engadida no proceso de oposición, xa que se trata dun posto directivo. Indica que noutras Comunidades Autónomas o substituto fai todas as funcións do docente a quen substitúe, cobrando por elas e gañando puntos para posteriores concursos oposicións aos que se presente.

ANTECEDENTES

A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, no que se solicitou

a remisión de información á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con datas do 20 de outubro e 21 de novembro de 2022.

Con data do 29 de decembro de 2022, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades remitiu informe no que en síntese, indica que de conformidade co disposto no Decreto 524/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, os xefes dos departamentos didácticos, serán designados polo director ou directora do instituto e nomeados polo delegado provincial da Consellería e desempeñarán o seu cargo durante catro cursos académicos, renovables, de se-lo caso. A xefatura será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo que estea en situación de servizo activo no corpo de catedráticos numerarios de bacharelato e para as disciplinas nas que non haxa funcionarios que reúnan estes requisitos desempeñará a xefatura de seminario un funcionario do corpo de profesores de ensino secundario coa condición de catedrático adquirida. No caso de que non exista ningún profesor ou profesora coa condición de catedrático adquirida, a xefatura será desempeñada por funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensinanza secundaria ou, se é o caso, do corpo de profesores técnicos de formación profesional, con destino definitivo no centro, que designe o director ou directora, a proposta do departamento.

A xefatura do departamento ten como funcións representar ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica, participar na elaboración do proxecto curricular de etapa, responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias ou módulos que se integran no departamento, dirixir e coordinar as actividades académicas, convocar e presidilas reunións do departamento, responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e da elaboración da memoria de final de curso, informar aos alumnos e alumnas a información relativa á programación, realizar as convocatorias dos exames para os presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento, entre outras.

En canto á finalización do mandato de xefatura de departamento, o artigo 76 do Decreto establece que o xefe ou xefa de departamento finalizará as súas funcións ao remate do seu mandato ou ó no caso de traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa, cesamento a causa de incumprimento grave de funcións ou renuncia motivada e aceptada.

Considera o informe que todas as tarefas e funcións que ten encomendadas o interesado están establecidas na normativa educativa de aplicación, dado que, a ausencia prolongada da persoa titular da xefatura do departamento por mor da licencia de maternidade, non é causa de cese das súas funcións, polo que a persoa que foi nomeada como xefa do departamento, é a única persoa nomeada para tal cargo, e o substituto debe asumir as funcións correspondentes da persoa á que substitúe, entre as cales atópanse as de xefe de departamento, sen que poida ser nomeado como tal coas conseguíntes retribucións anexas

ao nomeamento, dado que xa existe unha persoa titular no cargo e a súa situación non está entre as establecidas para o seu cese.

CONSIDERACIÓNS:

PRIMEIRA: Da información remitida polos interesados e do informe enviado pola Consellería, conséntase o seguinte:

- O interesado esta a realizar unha substitución dun posto de traballo no que a súa titular, que se atopa desfrutando una licencia, ademais da súa labor docente debe realizar outro tipo de funcións ao estar nomeada como xefa de departamento.
- O interesado debe asumir as funcións da xefatura de departamento, sen cumprir os requisitos que a normativa indicada pola Consellería son necesarios para desempeñar ese posto, xa que trátase dun funcionario/a interino, que non ten a condición de catedrático numerario, nin de funcionario coa condición de catedrático adquirida, nin dun funcionario de carreira.
- Ao interesado, non se lle recoñece o exercicio das funcións de xefe de departamento, traballo que efectivamente realiza, e podería ser valorable como mérito no seu desempeño profesional, nin se lle abonan as retribucións que corresponden ao exercicio do posto que efectivamente exerce.

SEGUNDA: Neste suposto, a situación é diferente á do expediente de queixa ao que o informe da Consellería fai referencia no seu informe, dado que nese suposto, a persoa que ocupaba de forma interina o posto, era a única persoa que formaba parte do departamento, e por tanto, tíñase que ocupar das funcións de xefatura, sen que esas funcións se puidesen asignar a outro membro do Departamento.

No presente caso, pola Consellería non se explica nin se xustifica de maneira algunha, porque se asigna o exercicio dunhas funcións e a asunción dunhas responsabilidades a unha persoa que non cumpre os requisitos que a propia Consellería indica que deben cumprirse para ser xefe de departamento de acordo coa normativa, que son o de ser como mínimo, funcionario/a e carreira do corpo de profesores con destino definitivo no centro, que evidentemente non cumpre o interesado, que é profesor interino ou substituto, e non por tanto funcionario de carreira, cando hai no mesmo departamento, profesores/as que si cumpren os requisitos .

Tampouco ten explicación ou xustificación que ao interesado, que non cumpre os requisitos indicados, non se lle retribúa co complemento correspondente ao posto de xefatura de departamento que efectivamente exerce.

Cando un funcionario/a titular dun posto non o está a ocupar efectivamente, por estar en situación de incapacidade temporal, desfrutando dunha licencia ou por calquera outra causa,

o seu posto en caso de ser necesario, pode cubrirse en comisión de servizos ou por persoal substituto, sen que este feito implique o cese no seu posto (neste caso na xefatura de departamento) da persoa que temporalmente non o estea exercendo. Por tanto, no presente caso, non parece existir inconveniente nin prohibición legal algunha, para que a persoa titular da xefatura, que temporalmente non está en servizo activo, sexa substituída de tamén temporal e mentres dure a licencia, por outro funcionario/a. Este funcionario/a, debería ser unha persoa que cumpra os requisitos que establece a norma anteriormente apuntados.

A modo de exemplo, as instrucións de inicio de curso de la *Consejería de Educación y formación Profesional del Gobierno de Cantabria*, establecen que no caso de ser necesaria a designación dun substituto do xefe de departamento, deberá terse en conta que a ausencia do titular sexa de longa duración, non debéndose propoñer este tipo de autorizacións para substitucións de menos dun mes, a non ser que concorran situacións extraordinarias (realización de probas, actas, reclamacións, etc.) que, por emerxencia, requiran unha urxente designación, debéndose ter en conta que para asignar a función de suplencia de xefe de departamento outorgarase preferencia aos funcionarios de carreira do departamento sobre os funcionarios interinos, sendo a asignación das funcións de suplencia pola súa propia natureza, de carácter excepcional e que debe revogarse no momento no que se incorpore o titular. Así mesmo, establececes esas instrucións que para que ao profesor substituto se lle recoñeza esa labor, o director debe enviar ao Servizo de Recursos Humanos un oficio no que conste que, mentres o xefe do departamento estea ausente, asígnanselle as súas funcións e cando se incorpore a persoa titular.

TERCEIRA.-Respecto da percepción do complemento salarial que corresponde á xefatura do departamento, a sentenza do ditada en recurso de casación polo Tribunal Supremo 229/2020, do 19 de febreiro de 2020, na mesma liña que nas sentencias do mesmo tribunal nº 52/2018, 1131/2018 e 605/2019, entre outras, afirma que efectivamente, existe unha xurisprudencia consolidada segundo a cal ao funcionario que acredita a realización das funcións dun posto de traballo distinto do seu e con retribucións complementarias superiores, débenselle satisfacer os complementos de destino e específico do que efectivamente desempeñou. O tribunal é consciente de que é unha realidade da Administración Pública a existencia de supostos en que funcionarios realizan cometidos de postos que non son os seus, ou que postos de traballo co mesmo contido funcional teñen asignados complementos diferentes, o que é unha disfunción e unha práctica imputable unicamente á propia Administración, que é a que debe asegurar a correcta provisión dos postos de traballo necesarios para o cumprimento das súas funcións e crear as condicións nas que non exista a posibilidade ou a necesidade de que funcionarios destinados nun determinado posto, realicen as tarefas doutro.

Contrastada esa prescrición co principio de igualdade, concretado na afirmación de que a igual traballo debe corresponder igual retribución, din o Alto Tribunal que o exercicio continuado das funcións esenciais doutro posto de traballo que se exerce verdadeiramente co consentimento da Administración (no caso que nos ocupa, funcións de xefatura de

departamento impostas pola Administración ao interino) con maior retribución, da dereito ao cobro das maiores retribucións deste.

De acordo co anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

RECOMENDACIÓN:

Para que pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades se proceda á regularización da situación, asignándolle as funcións da xefatura de departamento mentres dure a licencia por maternidade, a un membro do mesmo que cumpra cos requisitos establecidos no Decreto 524/1996, e se lle abone o complemento que corresponda polo exercicio desta xefatura, ou de non ser posible, que se abone o dito complemento ao funcionario interino que está a exercer as funcións, e se lle expida ao remate do servizo, certificación acreditativa das funcións realizadas como xefe de departamento no período que corresponda.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta suxestión da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do mesmo, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo